

SEN AVANCES NA MESA DE CONVENIO DE BANCA

Lembremos. O 15/12/2015 conseguimos que AEB aceptase un acordo de prórroga da vixencia do Convenio ata o 26/02/2016 e que abonase unha entrega a conta por 2015, fixándose unha listaxe de asuntos de interese, de ambas as partes, como guía para seguir discutindo.

Aínda que algún/hos sindicato/s dinnos que o fin da ultraactividade non leva ningunha consecuencia, case que nos fixeron un favor coa reforma laboral (que prexudicial é a ignorancia mesturada coa mala intención!), CCOO cremos moi útil a prórroga do Convenio, afastar a coitela da reforma laboral contra a negociación colectiva. Como hai quen sementa dúbidas, explicaremos -en folla aparte- o que supoñería e, aínda que non é o inferno eterno, baste saber que un dos principais problemas é a incerteza xurídica que introduciría nos nosos salarios e dereitos. Ter Convenio, sobra dicir que non calquera Convenio, é mellor que non telo.

Todos os sindicatos fixeron súa a nosa protesta pola actitude dos bancos de compensar e absorber o importe da entrega a conta nesta nómina, ao tratarse duns importes aínda provisionais e que, en todo caso podería facerse, porque queda ano, unha vez asinado o Convenio e sobre importes definitivos. O do Convenio abónase, por iso é tan importante, e o que restan é dos Complementos voluntarios.

Respecto dos contidos, que esa é a clave, non conseguimos ningún avance na reunión de hoxe da Mesa, aínda que falamos sobre subidas salariais, control horario, mobilidade, sen concretar ningunha nova proposta. **Nesa discusión CCOO reiteramos, unha vez máis, a nosa proposta salarial, que inclúe non tocar a antigüidade, de horarios, que inclúe non ir cara á xornada partida, ou sobre mobilidade, que inclúe non tocar o límite dos 25 kms.**

Ningunha das partes renuncia a ningún das súas formulacións de inicio. O Convenio segue aberto. É o momento de sumar forzas, de facer ver a AEB que non hai consenso no Convenio que pretenden, polo menos dicímolo por CCOO e convencidos de que tamén pola xeneralidade das plantillas,. Dividir, difamar, dedicar enerxías a criticar aos que estamos a negociar, só ten un beneficiario e está no outro lado da Mesa. Fixamos a próxima reunión de Mesa para o 10 de Febreiro.

É urxente, segue sendo necesaria e imprescindible, a participación e o apoio de cada traballador, cada traballadora, para conseguir o Convenio que necesitamos.

afíliate a CC.OO.

Seguimos traballando, seguiremos informando.

Nome e apelidos _____

Banco _____ Oficina _____ Provincia _____

Achéganos este boletín, chama ao teu Delegado ou Delegada de CCOO máis próximo, pasa un correo electrónico á sección de CCOO do teu banco, ou envíanos un correo electrónico a bbvaccoo@servicios.ccoo.es. No prazo máis breve posible poñerémonos en contacto contigo.



**É tempo de avanzar
É tempo dun bo convenio**